

RESOLUCIÓN autorizando actividades susceptibles de recoñecemento de créditos en virtude do acordo da comisión de extensión universitaria e estudantes de 29 de xullo de 2025.

Visto o acordo do 29 de xullo de 2025 da Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes, establecida no Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación (aprobado en Consello de Goberno 10/10/2016), e en virtude das competencias atribuídas polas normas legais, esta reitoría

RESOLVE:

Autorizar o recoñecemento de créditos ECTS, naquelas titulacións que así o establezan nos seus planos de estudo, pola asistencia as actividades académicas e ás actividades do programa e-Destrezas da Universidade de Vigo para o 1º cuatrimestre do curso 2025-2026, que se relacionan no Anexo.

De acordo co artigo 4.1 do Regulamento citado, o recoñecemento académico de créditos optativos por as actividades recollidas no artigo 1, será dun máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursado.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade.

Natalia Caparrini Marín



RECOÑECEMENTOS ECTS - 29 DE XULLO 2025

Actividades Académicas

Título	Código Sigma	Centro/Dpto. Organizador	Responsable académico	Horas	Créditos recoñecidos	Datas realización
Xeración Viño: Mesturando Sabores e Cultura	720200	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	Elena Shakina	90	3	Do 20/06/2005 ao 30/06/2025
Planificación de Recursos Empresariais (ERP) con ODDO	720201	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	Maria Mercedes Mareque Álvarez Santullano	30	1	Do 15/10/2025 ao 12/11/2025
PMS e operación hoteleira: claves para unha xestión diaria eficiente	720202	Facultade Ciencias Empresariais e Turismo (Ourense)	Jesús Vázquez Abad	30	1	Do 10/10/2025 ao 24/10/2025

Programa e-Destrezas

Título	Código Sigma	Centro/Dpto. Organizador	Horas	Créditos recoñecidos	Datas realización
Utilización responsable de Inteligencia Artificial Generativa sobre ChatGPT	720125	Vicerreitoría Estudiantes e Empregabilidade	30	1	Do 22/09 a 27/10 de 2025
Python para principiantes	72006				Do 24/09 a 29/10 de 2025
Fundamentos de Ofimática con Microsoft Office	720203				Do 26/09 a 31/10 de 2025
Iniciación ao desenvolvemento de páxinas web con Wordpress	720204				Do 21/10 a 25/11 de 2025
Fundamentos de análise e tratamento de datos con Excel	720004				Do 03/11 a 15/12 de 2025
Iniciación práctica a la impresión 3D	720205				Do 07/11 a 12/12 de 2025

